



PROTOCOLO DA XUNTA DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DEPORTIVO FEDERADO ANTE ALERTAS METEOROLÓXICAS

1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1 Este protocolo recolle o sistema temperá de toma de decisións ante unha alerta meteorolóxica segundo o fenómeno e o nivel de alerta. Ten en conta tanto as zonas xeográficas afectadas, para minimizar as medidas adoptadas, como a franxa horaria prevista.

Os axentes deportivos terán á súa disposición as recomendacións para chegar a todo o tecido deportivo.

Prevé un sistema de comunicación, en caso de alerta laranxa con suspensión de actividade e vermella, por diversos medios, para a comunidade deportiva e outros axentes interesados, se así se considera.

1.2 As medidas adoptadas serán de aplicación a:

- Actividade federada das federacións deportivas galegas
- Actividade do programa Xogade
- Actividade propia (Complexos de Monterrei, Centro galego de tecnificación deportiva, Pavillóns polideportivos a Coruña: Elviña II, Agra II, Monte Alto e Monte das Moas)

2.- ORIXE DA INFORMACIÓN

a) A AEMET traballa baixo o Plan Nacional de Predición e Vixilancia de Fenómenos Meteorolóxicos Adversos-METEOALERTA. Actualmente atópase na súa versión número 8, de maio de 2022. Facilita información de fenómenos adversos ata un prazo máximo de 60 horas.

b) Meteogalicia emite alertas meteorolóxicas publicadas na súa web, en forma de boletín, cunha antelación de 24 horas, por áreas xeográficas, como AEMET e período horario.

3.- O SISTEMA DE ALERTAS CONCEPTOS CHAVE (Plan Nacional de Predición e Vixilancia de Fenómenos Meteorolóxicos Adversos-METEOALERTA)

a) FENÓMENOS METEOROLÓXICOS A CONSIDERAR

- ✓ Vento.
- ✓ Choiva.
- ✓ Mar (Fenómenos costeiros).
- ✓ Altas Temperaturas (Ondas de calor)
- ✓ Neve.

b) NIVEIS DE AVISO

Segundo a gravidade do fenómeno, se cualifican:

- ➔ Amarela. Non se suspende a actividade deportiva nin se emitirá boletín ningún.
- ➔ Laranxa. As actividades habituais e ao aire libre poden verse alteradas. É posible que se tomen medidas.
- ➔ Vermella. As actividades habituais poden verse gravemente alteradas. Tómanse medidas.

Segundo o Plan, dos umbrais de aviso, derivarán as consecuencias a seguir:

TIPO	RISCO	RECOMENDACIÓNS
AMARELO	O PERIGO É BAIXO, pero os bens e a poboación vulnerables ou en zonas expostas ao FMA (factores meteorolóxicos adversos) poderían sufrir algúns impactos.	• DEBEMOS ESTAR ATENTOS á predición meteorolóxica máis actualizada. • Pódense producir danos moderados a persoas e bens, especialmente aqueles vulnerables ou en zonas expostas ao fenómeno. • Algunhas actividades ao aire libre poden verse alteradas polo que estar atentos as medidas a adoptar.
LARANXA	O PERIGO É IMPORTANTE. Fenómenos meteorolóxicos non habituais e con certo	• TEMOS QUE ESTAR PREPARADOS, tomando precaucións e informarnos da predición meteorolóxica máis actualizada. • Pódense producir danos graves a persoas e bens, especialmente aqueles



TIPO	RISCO	RECOMENDACIÓNS
	grao de perigo para as actividades usuais. Os bens e a poboación vulnerables ou en zonas expostas poderían sufrir impactos graves.	- vulnerables ou en zonas expostas ao fenómeno. - As actividades habituais e ao aire libre poden verse alteradas.
VERMELLO	O PERIGO É EXTRAORDINARIO Fenómenos meteorolóxicos non habituais, de intensidade excepcional e cun nivel de risco para os bens, a poboación ou as zonas expostas, puidendo sufrir impactos moi graves ou catastróficos. impactos moi graves ou catastróficos.	- TOMARANSE MEDIDAS PREVENTIVAS E ACTUACIÓNS segundo as indicacións das autoridades competentes. - Debemos estar informados da predición meteorolóxica máis actualizada. - Evite os desprazamentos aínda que sexan cortos. - As actividades habituais poden verse gravemente alteradas e suspenderse.

Para determinar os limiares, a axencia ten en conta a rareza do fenómeno que vén, posto que canto máis raro sexa a poboación menos preparada está para os efectos e a adversidade é maior.

c) LIMIARES

En canto ás cores, o plan debuxa os seguintes limiares, segundo o fenómeno:

1.- MAR:

Amarelo: Vento de 50km/h (F7) o mar combinada que provoque ondas de 4 metros

Laranxa: Vento de 60km/h (F8) o mar combinada que provoque ondas de 5 metros


Vermello: Vento de 90km/h (F10) o mar combinada que provoque ondas de 8 metros

En canto ao resto de fenómenos (calor, frío, vento, choiva e neve), a AEMET determina os limiares de temperaturas máximas e mínimas, rachas máximas, precipitacións en 1 hora e 12 horas e neve 24h, para cada zona xeográfica de Galicia, aquí:

https://www.aemet.es/documentos/es/eltiempo/prediccion/avisos/plan_meteoalerta/METEOALERTA_ANX1_Umbrales_y_niveles_de_avisos.pdf


Nas alertas por altas temperaturas, estarase, ademais, ás indicacións emitidas pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade: https://airesaude.sergas.gal/Contidos/CC_Recomend_calor?idioma=ga

d) ZONAS XEOGRÁFICAS: Teranse en conta as zonas delimitadas pola AEMET e, segundo as alertas e os fenómenos, as decisións serán tomadas a nivel de municipio, sendo así precisos e restrinxindo a actividade ao nivel xeográfico estritamente necesario, e na franxa horaria mínima posible. Por exemplo, se temos unha alerta por mar na zona Noroeste da Coruña, podemos restrinxila aos concellos que teñen termo municipal na costa.





MUNICIPIOS POR ZONAS XEOGRÁFICAS (ver relación en Anexo)



ZONAS DE PREDICCIÓN
METEOROLÓGICA
A Coruña

- 711501 Noroeste de A Coruña
- 711502 Oeste de A Coruña
- 711503 Interior de A Coruña
- 711504 Suroeste de A Coruña


© Agencia Estatal de Meteorología



ZONAS DE PREDICCIÓN
METEOROLÓGICA
Lugo

- 712701 A Mariña
- 712702 Centro de Lugo
- 712703 Montaña de Lugo
- 712704 Sur de Lugo


© Agencia Estatal de Meteorología



ZONAS DE PREDICCIÓN
METEOROLÓGICA
Pontevedra

- 713601 Rías Baixas
- 713602 Interior de Pontevedra
- 713603 Miño de Pontevedra

© Agencia Estatal de Meteorología



ZONAS DE PREDICCIÓN
METEOROLÓGICA
Ourense

- 713201 Noroeste de Ourense
- 713202 Miño de Ourense
- 713203 Sur de Ourense
- 713204 Montaña de Ourense
- 713205 Valdeorras

© Agencia Estatal de Meteorología

4.- TOMA DE DECISIONS

As federacións, agrupacións deportivas e instalacións deportivas das que a Secretaría Xeral para o Deporte é titular disporán dun conxunto de recomendacións no caso de alerta amarela (para a que non se emitirán avisos) e en caso de alertas laranxa e vermella (no caso de alerta laranxa, emitiranse aviso cando a Comisión adopte medidas e en alerta vermella, en todo caso).

As medidas que se adopten en alerta laranxa, segundo os casos, e en alerta vermella (sempre), serán por zonas xeográficas, e nalgúns casos, como nas alertas por mar, se reducirán aos concellos desas zonas xeográficas con litoral. As alertas se emitirán cun intervalo de tempo determinado. Serán tomadas por unha Comisión que se crea ex novo, e serán comunicadas por diversos medios e redes sociais.

Cando a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a través do CIAE 112 reciba un boletín meteorolóxico da AEMET e/ou de Meteogalicia, informando da previsión dunha situación de aviso de FMA que puidera afectar á seguridade durante a práctica deportiva federada e Xogade, convocarase á Comisión de Alertas Meteorolóxicas Deportivas, para permitir a adopción de medidas eficaces de protección.

Por boletín meteorolóxico, enténdese o emitido pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), complementado co emitido polo Servizo Meteorolóxico Rexional (MeteoGalicia) advertindo dun fenómeno meteorolóxico adverso. Ordinariamente a emisión deste parte prodúcese ás 11.00 horas.

Ademais e coa finalidade de facer un seguimento continuo do FMA, os partes meteorolóxicos oficiais que se reciban no 112 con posterioridade á reunión da Comisión de alertas e que supoñan un empeoramento do FMA, serán remitidos por medios electrónicos aos membros desta comisión por si procedese realizar actualizacións das medidas adoptadas pola mesma.

Aos efectos deste protocolo enténdese por situación de aviso de FMA que pode afectar á práctica deportiva federada e Xogade, a calquera alerta de FMA de nivel laranxa ou vermello. Por definición, as alertas de FMA de nivel amarelo non supoñen un risco para a poboación en xeral sen prexuízo de que, atendendo á natureza do fenómeno, a Comisión de Alertas, poda acordar reunirse aos efectos de valorar a necesidade de adoptar medidas.

En caso de non coincidencia das previsións entre AEMET e Meteogalicia, as medidas a adoptar se adaptarán ao parte meteorolóxico mais desfavorable.

A Secretaría Xeral para o Deporte poderá decidir a exclusión de calquera das decisións sobre competicións ou instalacións no espazo urbano das cidades cando as condicións do adverso declarado non afecten gravemente as condicións de circulación nas rúas integradas na trama urbana.

A Comisión de Alertas prestará o seu apoio e asesoramento aos departamentos responsables en educación, mobilidade e política social para a adopción das decisións pertinentes antes do inicio do FMA e durante o seu período de duración.

4.1 Quen: Comisión de Alertas Meteorolóxicas Deportivas

Esta órgano se reunirá para a adopción das medidas que procedan ante situacións de risco por fenómeno meteorolóxico adverso.

Esta unidade decidirá sobre as medidas de suspensión que se poidan tomar no caso de alertas laranxas, xa que en caso de alerta vermella, se tomarán de xeito automático.

Estará formada por:

- Secretario/a Xeral para o Deporte
- Director/a Xeral de Emerxencias e Interior
- Subdirector/a Xeral de Planificación e Protección Civil
- Xerente da AXEGA
- 2 representantes da Secretaría Xeral para o Deporte
- 1 representante de Meteogalicia
- 1 representante da Dirección Xeral de Cambio Climático

A unidade terá un/ha secretario/a que se encargará do arquivo da documentación recibida e emitida ao abeiro deste protocolo e se encargará do envío e comunicación das medidas adoptadas.

A Comisión recomendará, segundo a última hora da previsión e os boletíns da AEMET, a decisión que se tomará en alerta laranxa. Durante a semana en período escolar, a Secretaría Xeral para o Deporte formará parte da Comisión Escolar de Alertas aos efectos de ser puntualmente informado das medidas que aquela tome.

Fora do período escolar, e fins de semana e días non lectivos, a Comisión de Alertas Meteorolóxicas Deportivas reunirase para adoptar o criterio oportuno e a Secretaría Xeral para o Deporte aplicará a medida que corresponda. A Comisión de Alertas disporá, con data e hora de emisión, do parte de alerta elaborado por MeteoGalicia. Con carácter xeral este parte debe emitirse coa información dispoñible antes das 11.00 horas do día anterior ao inicio do adverso. Tamén se contará cos boletíns emitidos ata esta hora por AEMET, coa información dispoñible na web de AEMET e coas informacións facilitadas polos preditores do centro territorial.

4.2 Cando?

Unha vez emitida a alerta pola AEMET, cando esta sexa vermella ou laranxa en determinados supostos, a Comisión reunirase para tomar as medidas que sexan necesarias, tendo en conta a predición e a perspectiva das vindeiras horas.

A **comunicación de suspensión da actividade deportiva** será comunicada mediante medios electrónicos pola Secretaría Xeral para o Deporte, con carácter xeral, **antes da 13.00 horas do día anterior** ao inicio do evento.

4.3 Destinatarios das comunicacións

- As medidas comunicaranse a:

- a) UFEDEGA
- b) Federacións deportivas galegas.
- c) Agrupacións Deportivas escolares afectadas
- d) Instalacións deportivas dependentes da Xunta de Galicia afectadas (CGTD, Monterrei (Ourense), Pavillóns Polideportivos Pavillóns polideportivos Elviña II, Agra II, Monte Alto e Monte das Moas (A Coruña).

4.4 Como se comunicarán as medidas?

- Os medios de comunicación serán:

1. Correo electrónico a todos os axentes desde a Secretaría Xeral para o Deporte, a través do correo alertasmet.deporte@xunta.gal.

2. Whatsapp: A persoa secretaria creará un grupo de Whatsapp denominado (Notificacións Alertas Deporte) onde haberá un teléfono de cada un dos axentes, que proporcionará cada destinatario do aviso.

3. Web: Na páxina web da secretaría, habilitarase un aviso na súa portada, cando haxa un boletín con medidas vixentes, para xeral coñecemento.

Adicionalmente a Secretaría Xeral para o Deporte, a través do gabinete de prensa da Consellería, publicará nas súas redes sociais (Instagram, Facebook, X) o correspondente aviso de información de fenómeno adverso, como os que se propoñen a continuación:

